

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DE CONTRATACIÓN

1. SERVICIO O DEPARTAMENTO QUE PROPÓN A CONTRATACIÓN E AO QUE VAI DIRIXIDA A PRESTACIÓN NA QUE SE CONCRETA O CONTRATO.-

Servizo de Facenda e Patrimonio

2. PRESTACIÓN CUXA CONTRATACIÓN SE PROPÓN (OBJECTO DO CONTRATO).-

Póliza de seguros de danos materiais bens mobles/inmobles do Concello de Ferrol

3. NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE CON EL CONTRATO PROXECTADO, E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO E REALIZACIÓN DOS FINS INSTITUCIONAIS DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN COA SATISFACCIÓN DESTA NECESIDADE (Competencia Municipal).-

Este Concello ten subscrita póliza de seguro para a cobertura dos riscos e danos materiais que poidan sufrir os bens mobles e inmobles(continente, contido e existencias), que forman o patrimonio do Concello de Ferrol co obxecto da súa protección e conservación, garantindo na medida do posible a súa integridade e pervivencia. Todo isto de conformidade cos artigos 68.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, o artigo 9 do Real decreto 1372/1986, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais e o artigo 270.1 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Pois ben, a póliza de seguro de danos materiais vence o 01.08.2024 polo que é necesario proceder a súa licitación para continuar coa cobertura do Patrimonio do Concello de Ferrol.

A contratación da póliza a través dun corredor de seguros xorde da carencia de persoal especializado no Concello que poida analizar as pólizas que mellor se adecúen aos riscos aos que se deben dar cobertura e da carencia de medios persoais para tramitar os sinistros e xestións derivadas de cada póliza de seguro, polo que se considera que a figura do corredor de seguros garantiría o asesoramento e a asistencia especializada da que non dispón o Concello para unha mellor e mais eficiente xestión de recursos municipais.

De acordo coas previsións contidas na Lei 20/2015, de 14 xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras y reaseguradoras, solo poden operar no sector en concepto de asegurador aquelas entidades autorizadas para realizar actividades de seguro, como son as asegurados e mediadores de seguros, o que evidencia e xustifica a necesidade de acudir a medios externos.

4. IDONEIDADE DO OBJECTO E CONTIDO DO CONTRATO PARA SATISFACER AS NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE.-

Os traballos obxecto do presente contrato deben ser prestados polas entidades autorizadas, debidamente certificadas pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións do Ministerio de Economía e Facenda con autorización precisa para operar no ramo correspondente ao seguro que se pretende contratar. As prestacións incluídas no obxecto do contrato non se encontran incluídas na actividade ordinaria desta administración.

5. XUSTIFICACIÓN, NO SEU CASO, DE LOS MOTIVOS VÁLIDOS PARA LA NO DIVISIÓN DEL OBJETO DO CONTRATO EN LOTES, de acordo co establecido no artigo 99.3 da LCSP

De conformidade co artigo 99.3.b) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, dadas as características do servizo que se desexa obter, a cobertura específica do contrato a subscribir, o seu prazo de duración e os bens asegurados, o contrato non se divide en lotes.

6. XUSTIFICACIÓN, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN PROPOSTO, cando sexa distinto do procedemento aberto ou restrinxido y/ou xustificación das razóns que habilitan a tramitación urxente ou anticipada do expediente, de acordo co establecido no artigo 119 LCSP e DA LCSP e DA 3ª.2 respectivamente.

Tendo en conta o obxecto do contrato e o seu valor estimado, propónse o emprego do procedemento de adxudicación aberto (artigo 156 LCSP). A forma de tramitación será a ordinaria.

Ferrol na data da sinatura dixital

A xefa de Servizo de Facenda e Patrimonio